

6 *Article*

A situación actual da lingua galega: unha ollada desde a sociolingüística e a política lingüística

Anxo M. Lorenzo Suárez
Universidade de Vigo

Keywords

Galician language
Language contact
Sociolinguistic situation
Language policy and planning
Language policy assessment

Palabras clave

Lingua Galega
Contacto de linguas
Situación sociolingüística
Política e planificación lingüística
Avaliación das políticas lingüísticas

Abstract

In this article I present a description of the sociolinguistic study of the Galician language in Galicia that encompasses diachronic and synchronic contexts. Regarding the diachronic dimension, I analyse on the one hand the beginning of the process of social substitution of Galician by Castilian and, on the other, the emergence of a linguistic ideology favourable to the social and culture recuperation of the Galician language. Concerning the synchronic dimension, I will contextualise the process of institutionalisation and governmental language policy that has been developed in Galician from the 1980s following the political alterations that came about with the change in the Spanish political system following the death of Franco, the establishment of the constitution in 1978 and the introduction of autonomous government for the historical nations of Spain. The linguistic framework established in Galicia and the linguistic policies favourable to the growth of Galician had an impact on Galician society. Analysing this impact can help us visualise certain sociolinguistic trends in the future of the language.

Resumo

Presentamos neste traballo unha descrición da situación sociolingüística da lingua galega en Galicia tendo en conta as dimensións diacrónica e sincrónica. No tocante á dimensión diacrónica, analizamos, por unha banda, o inicio do proceso de substitución social do galego polo castelán e, por outra, a xeración dunha ideoloxía lingüística favorecedora da recuperación social e cultural da lingua galega. No tocante á dimensión sincrónica,

*A situación actual da lingua
galega: unha ollada desde a
sociolingüística e a política
lingüística*

Anxo M. Lorenzo Suárez

contextualizamos o proceso de institucionalización e de política lingüística gobernalmental que se desenvolve en Galicia desde os anos 80 tras as mudanzas políticas que se derivan do cambio de réxime político en España despois da morte de Franco, a aprobación da Constitución de 1978 e a instauración do Estado das autonomías. O marco lingüístico implantado en Galicia e as políticas lingüísticas favorables á revitalización da lingua propia tiveron un determinado impacto na sociedade galega, e a súa análise permítenos avanzar algunhas tendencias de cara ao futuro.

A situación actual da lingua galega: unha ollada desde a sociolingüística e a política lingüística

Anxo M. Lorenzo Suárez



Introdución

O obxectivo que nos propoñemos neste traballo é achegar unha reflexión sobre a situación sociolingüística actual da lingua galega, tendo en conta tanto a dimensión diacrónica como a sincrónica dos procesos sociolingüísticos desenvolvidos ata agora e en marcha na actualidade. Malia a amplitude temática e temporal que se deriva do título deste traballo, tratarmos en profundidade todos os temas que xorden desta reflexión excedería os límites desta publicación, de maneira que nos centraremos en presentar unha análise dos que consideramos os principais procesos sociolingüísticos, así como o impacto dos esforzos institucionais contemporáneos de revitalización da lingua galega emprendidos en forma dunha determinada política lingüística institucional. Remataremos esta reflexión botando unha ollada cara ao futuro do idioma galego.

Pasado: os paradoxos da lingua galega

Tal e como xa foi presentado nas diferentes análises sobre o percorrido histórico da lingua galega, ao mesmo tempo que comezaba unha lenta xeira de abandono social do galego no século XIX principiaba un proceso social que termaba da súa rehabilitación lingüística, cultural, social e política (véxanse Montegudo 1999; Mariño 1998; Freixeiro Mato 1997; Hermida 1992). O proceso de substitución social do galego polo castelán comeza a xestarse no século XIX como unha das consecuencias sociolingüísticas das transformacións fraguadas desde o comezo dese século na Galicia da época. Aínda que os cambios sociopolíticos nos séculos escuros (séculos XVI-XVIII) puxeron en serias dificultades a vitalidade social do idioma galego, deberemos agardar ao século XIX para comprobar como os cambios económicos, administrativos, educativos, sociais e culturais comezaban a erosionar, paseniña pero imparabilmente, os alicerces sociais que lle daban ao galego unha base demográfica ampla e sólida.

Nos comezos do século XIX a lingua galega contaba cunha importante extensión demográfica, mentres que o castelán estaba confinado nos usos lingüísticos escritos e nos orais dunha minoría pertencente aos grupos sociais máis acomodados e urbanos. Paseniñamente, o castelán comeza a estar cada vez máis presente na sociedade galega a medida que se estende o proceso de urbanización, que vai minguando o peso do sistema económico tradicional autosuficiente e local, que mellora a capacidade do aparello administrativo do Estado para incidir na vida cotiá dos cidadáns e que se universaliza o ensino obrigatorio. A partir destes cambios, o castelán, mediante un proceso de difusión horizontal –no territorio– e vertical –a todos os estratos sociais–, comeza a ser unha variedade necesaria para vivir en Galicia, e a súa aprendizaxe e uso pasan a ter un crecente valor social. Isto ten como consecuencia o incremento progresivo dos bilingües iniciais e a diminución, tamén progresiva, dos individuos monolingües en galego.

Simultaneamente, aséntase e difúndese unha identidade social negativa relacionada coa lingua galega e cos grupos sociais galegófonos (véxase Labraña 1999; Recalde 1998), que xa xurdira en séculos anteriores ao XIX, mediante a elaboración de diversos prexuízos sociais, de estereotipos, etc., que proxectan cara ao exterior dos grupos galegófonos unha imaxe

lingüística moi negativa, imaxe que acabará sendo interiorizada polos membros dos grupos galegófonos.

Aínda que foi, sen dúbida, un proceso sociolingüístico lento, a lingua galega chega ao século XX nunha posición complicada: sendo a lingua demograficamente maioritaria de Galicia, o castelán gozaba dunha presenza crecente en redutos que foran exclusivos do galego ata ese momento (a familia, a transmisión de pais e nais a fillos, as interaccións lingüísticas nas comunidades locais, etc.). Ademais, a difusión do castelán nas cidades estaba ben asentada e a mobilidade social comezaba a asociarse co seu coñecemento e uso, e a falta de mobilidade (atraso, falta de innovación etc.) vinculábase co galego. Pouco a pouco quedou patente que castelán e galego diverxían no prestixio social que proxectaban, o que seguiu afondando na infravaloración da lingua galega e na aparición de novas actitudes lingüísticas negativas cara a ela e cara aos seus falantes.

O proceso de substitución do galego polo castelán continuou durante o século XX e o seu ritmo foi moito máis alto consonte foi aumentando a industrialización, a modernización e a mellora no funcionamento das institucións públicas (como, por exemplo, a escola e a administración pública). Coa información sociolingüística dispoñible, comprobamos que, tras un período relativamente estable no tocante aos usos lingüísticos en galego e castelán, a xeira castelanizadora máis intensa prodúcese nos individuos nados entre 1924 e 1947 (Seminario de Sociolingüística da RAG 1994). Nese período atopamos diferentes aspectos socio-económicos e culturais que inflúen nun cambio de situación sociolingüística: comeza o retorno de emigrantes procedentes de América Latina, diminúe o illamento económico e social vivido en moitas partes de Galicia (coa mellora das comunicacións terrestres, a ampliación das tarefas produtivas, etc.), continúa a extensión da escolarización secundaria e a progresión, lenta pero constante, da educación universitaria a máis sectores da poboación galega, continúa –con máis forza se cabe– o tránsito do campo á cidade, sobre todo cara aos núcleos urbanos atlánticos (Vigo, A Coruña, Pontevedra, Ferrol, e Santiago), e comezan a notarse os efectos da presión sociocultural e política do franquismo a partir de 1936. Todos estes elementos propiciaron un contexto pouco proclive para o mantemento do predominio demográfico –que non social– do idioma galego.

Co inicio da guerra civil, comeza un período sociolingüístico diferente. Convén salientar a relevancia da ditadura franquista (1936-1975) no avance e consolidación da substitución do galego polo castelán. Foi ese un momento crucial para o desenvolvemento do proceso de abandono da lingua galega, porque a ditadura a proscibiu e a fixo socialmente invisible. E foi precisamente neste período cando se produciu un cambio demográfico e socioeconómico clave na sociedade galega (e en toda España): a industrialización e terciarización da economía, e mais o *boom* demográfico. Todos eses cambios macroestruturais, que aceleraron o ritmo no proceso de abandono da lingua, se desenvolveron no peor dos escenarios socio-políticos imaxinados para a lingua e cultura galegas.

En resumo, o proceso de abandono do galego polo castelán fundamentouse nunha redución do uso e das funcións sociais da lingua galega, na ruptura no proceso de transmisión primaria da lingua galega nas familias, no mantemento xeral de actitudes desfavorables ante o galego, no nulo apoio institucional –cando non a hostilidade aberta, como ocorreu no franquismo–, e na ausencia de recoñecemento oficial e legal.

A situación actual da lingua galega: unha ollada desde a sociolingüística e a política lingüística
Anxo M. Lorenzo Suárez

1

Para unha análise da historia social da lingua galega durante o século XX, pódense consultar Montegudo (1999)-para o período 1900-1936, Alonso Montero (2003)-para a posguerra-, e Freitas (2008)-para as consecuencias do réxime franquista e o século XX en xeral.

O xurdimento dunha ideoloxía e dunha praxe recuperadoras da cultura e lingua galegas ponse en marcha na segunda metade do século XIX coa finalidade de mudar a xa daquela preocupante percepción existente sobre a súa situación social e cultural. Da man dos autores e autoras do Rexurdimento principiou unha reflexión sobre a preocupante deriva social do galego e a necesidade da súa rehabilitación social. Esa ideoloxía recuperadora, que xurdiu como movemento cultural e cunha intencionalidade político-social máis ben limitada, ten a súa expresión máis política e académica durante o primeiro terzo do século XX: coa creación das Irmandades da Fala en 1917, coa fundación do Seminario de Estudos Galegos en 1923, e coa irrupción no escenario socio-político de Galicia do Partido Galeguista na década dos anos 30. Todos os cambios na conciencia idiomática e no proceso de recuperación da lingua galega quedaron en suspenso a partir de 1936, o cal xa é ben coñecido e non require moita explicación.¹

Pero será a partir da década dos anos 50 e 60 do século XX cando esta ideoloxía recuperadora, estimulada sen dúbida polo avance da desgaleguización na primeira metade do século e polos efectos negativos do franquismo, adquira unha dimensión cuantitativa e cualitativa relevante, xa que a reivindicación lingüística comeza a vincularse coa cultural, en primeiro lugar, e coa político-social, posteriormente.

Os antecedentes do discurso lingüístico 'normalizador', que chega ata os nosos días, hai que buscalos tanto na estratexia cultural do grupo Galaxia, artellada por Ramón Piñeiro, coma na estratexia política organizada desde o exilio, da cal a obra *Sempre en Galiza* de Castelao constitúe un punto de partida paradigmático. Xa nos anos 60, distintas organizacións políticas, sindicais e cidadás xurdidas na fin do franquismo, principalmente vinculadas co nacionalismo cultural e político, fixeron do proxecto 'normalizador' do idioma galego un obxectivo socio-político prioritario, en conxunción con reivindicacións similares existentes noutras partes de España e noutras rexións europeas con lingua propia. Buscábase inicialmente o recoñecemento legal e social da lingua galega e a asunción institucional da súa defensa e promoción. Tratábase dun proceso social e político que tiña como obxectivo a procura dunha recuperación integral da lingua: da súa forma lingüística, dos seus usos sociais e do seu status legal, para facer da lingua propia a variedade lingüística 'nacional' (véxase Boix & Vila 1998: 314-26).

O presente: a evolución da situación sociolingüística e a xestión da política lingüística

O presente do idioma galego está conformado pola evolución da súa situación sociolingüística durante o século XX, xunto cos resultados da acción lingüística institucional e social desde o remate do franquismo. No tocante ao primeiro aspecto, a evolución da situación sociolingüística, coa continuación do proceso de abandono da lingua, mestúrase con situacións e procesos que turrán na dirección contraria: é o que denominamos procesos de recuperación ou revitalización lingüística. E no tocante ao segundo aspecto, na acción lingüística institucional e social asistimos á consolidación dun novo marco glotopolítico en España, que en Galicia ten como alicerces a conformación dun 'consenso lingüístico' de carácter político e social, e a posta en práctica dunha política lingüística desde as institucións

A situación actual da lingua galega: unha ollada desde a sociolingüística e a política lingüística
Anxo M. Lorenzo Suárez

2

Neste período sucedéron-se os gobernos encabezados polo Partido Popular, agás entre 1987-1989, cando gobernou unha coalición formada por tres partidos: PSdG, Coalición Galega e Partido Nacionalista Galego. A partir de 2005 comeza un goberno bipartito entre o PSdG e mais o BNG, o cal supón a apertura dunha nova fase na política en Galicia.

públicas, nomeadamente desde o goberno da Xunta de Galicia, ao tempo que se mantén unha liña de reivindicación social e cultural na procura de que o galego acadase unha maior presenza e fortaleza na sociedade.

Marco glotopolítico

A partir de 1978, Galicia, ao igual có resto do Estado, conta cunha Constitución democrática que no seu articulado establece a 'vontade de protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas e tradicións, linguas e institucións', ao tempo que senta as bases dunha nova configuración xurídico-política: o Estado das autonomías.

A transición política en España —o paso da ditadura franquista ao réxime constitucional— estivo acompañada do que podemos cualificar como unha 'transición lingüística': da prohibición *de facto* do uso das linguas propias diferentes do castelán, pasouse ao recoñecemento legal parcial establecido no documento constitucional de 1978, na que se optou por un modelo de xestión da diversidade lingüística no Estado do tipo 'centro monolingüe vs. periferia plurilingüe'.

Esta transición lingüística baseouse na posta en práctica de diversos instrumentos políticos, xurídicos, sociolingüísticos e administrativos que fixeron da política lingüística en Cataluña, País Vasco, Galicia, Comunidade Valenciana, Illas Baleares e Navarra un terreo de forte intervención governamental dirixida á recuperación e dignificación das linguas propias. Os resultados desas políticas lingüísticas, consideradas desde a perspectiva actual, foron moi desiguais.

A partir de 1980 a historia da lingua galega e a súa situación sociolingüística chega a un punto de inflexión: por primeira vez na historia, a lingua galega insírese nun marco legal que non é abertamente desfavorable e no que se dispón de mecanismos institucionalizados para desenvolver políticas lingüísticas. Este proceso abrangue un espazo temporal que chega ata os nosos días, aínda que nos centraremos no período 1980-2005, dada a continuidade da acción lingüística governamental neste período.²

A elaboración e aprobación do Estatuto de autonomía, ratificado en referendo en 1981 (de aquí en diante, EA-81), fai que a lingua galega sexa considerada a lingua propia de Galicia:

EA-81

Artigo 5

A lingua propia de Galicia é o galego.

Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.

Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

En 1983 apróbase no Parlamento a Lei de normalización lingüística (de aquí en diante, LNL-83), na que se declara o propósito de conseguir un cambio no proceso histórico de abandono e de postración social da lingua

A situación actual da lingua galega: unha ollada desde a sociolingüística e a política lingüística
Anxo M. Lorenzo Suárez

3

Cómpre indicar, en calquera caso, que o contido da LNL-83 suscitou moitas dúbidas e críticas: por unha banda, críticas desde sectores inmovilistas das sociedade galega, que vían con desconfianza unha aplicación intensiva dos textos legais que conducisen o galego a unha relativa igualdade co castelán (Jardón 1993); por outra, dúbidas desde grupos políticos e organizacións sociais que anxeaban un grao de recoñecemento legal para o galego máis fondo e decidido (García Negro 1991).

galega. Ademais, regúlanse os dereitos da cidadanía para empregar a lingua galega nun plano de igualdade respecto do castelán, ao tempo que se tenta garantir especialmente a presenza da lingua galega en tres ámbitos sociais: a administración, o ensino e os medios de comunicación.

LNL-1983

Artigo 1

O galego é a lingua propia de Galicia.

Todos os galegos teñen o dereito de coñecelo e de usalo.

Artigo 2

Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

Artigo 3

Os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua.

Os cidadáns poderán dirixirse aos xuíces e tribunais para obter a protección xudicial do dereito a empregar a súa lingua.

O que podemos denominar como ‘pacto’, ‘consenso’ ou ‘acordo’ lingüístico desenvólvese en Galicia nos primeiros anos da década dos oitenta e confórmase mediante os contidos, con repercusións lingüísticas, do EA-1981 e da LNL-1983. As características principais dese ‘pacto lingüístico’ son os seguintes. En primeiro lugar, a cooficialidade en Galicia de galego e castelán, que teñen plena igualdade xurídica; en segundo lugar, a declaración do galego como lingua propia, é dicir, sinal de identidade principal da comunidade; en terceiro lugar, a decisión de pór en marcha un proceso institucional e social de ‘normalización’ da lingua galega, por se atopar esta en situación de desigualdade respecto do castelán; e, en cuarto lugar, o respecto polo principio de individualidade: que cadaquén utilice a lingua da súa preferencia nas comunicacións non institucionalizadas.

A posta en marcha do contido da LNL-83 permitiu ir construíndo un proceso social e institucional de recuperación do coñecemento, uso e valoración do galego ao mesmo tempo que se ían dando pasos significativos cara á súa maior presenza nas institucións públicas, no sistema educativo e na vida social, como comentaremos a continuación.³

Deste proceso revitalizador derivouse un conxunto de consecuencias que hoxe, na maior parte dos casos, están plenamente asumidas pola sociedade galega: as relacións con calquera administración poden realizarse en galego, a única forma válida dos topónimos galegos é a súa forma en lingua galega, as administracións local e autónoma redactarán en galego a súa documentación oficial, galeguízase o sistema educativo desde a educación infantil e primaria, e garántese a necesidade de promover a lingua galega nas comunidades exteriores con presenza galega.

O desenvolvemento dunha política e planificación lingüística en Galicia

A política e planificación lingüística realizada desde os gobernos da Xunta de Galicia desenvolveuse no marco glotopolítico que acabamos de

A situación actual da lingua galega: unha ollada desde a sociolingüística e a política lingüística

Anxo M. Lorenzo Suárez

4

Para afondar na valoración destas políticas lingüísticas durante o período 1980-2005, pódense consultar os seguintes traballos: Cidadanía (2001); Monteagudo (1997); Fraile (1997); Lorenzo (1999), (2005); Sarille (2007).

5

É significativo que ante esta falta de coordinación e asesoramento, os técnicos dos servizos lingüísticos, principalmente da administración local, decidiran en 1995 crear unha asociación profesional coa finalidade precisamente de coordinárense, buscaren asesoramento e reciclaxe; de aí naceu a Coordinadora de Traballadores e Traballadoras de Normalización Lingüística (COTENOL).

presentar. Para contextualizar a xestión lingüística institucional, cómpre ter en conta dous aspectos: en primeiro lugar, describiremos os vimbios conceptuais dunha ideoloxía planificadora, a denominada como 'bilingüismo harmónico', que impregnou a acción dos gobernos do Partido Popular en política lingüística; e, en segundo lugar, presentaremos unha descrición, necesariamente esquemática por cuestións de espazo, dos elementos constitutivos que nos permiten caracterizar esa política lingüística institucional desenvolvida en Galicia, baseándonos en catro criterios: nos axentes, obxectivos, contidos e medios.⁴

Consideramos o 'bilingüismo harmónico' como unha ideoloxía de política e planificación lingüística, utilizada polos gobernos populares a partir dos anos noventa como fonte inspiradora da súa acción lingüística. Aínda que o concepto, como tal, se pon en circulación neses anos 90, xa desde o comezo os diferentes gobernos da Xunta practicaban o que despois eles mesmos acuñaron coa denominación de 'bilingüismo harmónico'.

Partiuse de que galego e castelán eran linguas de uso e de status pleno en Galicia —unha por ser lingua propia, a outra por ser lingua *de facto* unha grande parte da poboación. E, o que é máis importante, estableceuse que as actividades de estimulación do uso da lingua galega non debían interferir na vitalidade do castelán, nin debían alterar un hipotético 'equilibrio sociolingüístico' ao que Galicia chegara tras a ditadura franquista.

Non é preciso desenvolver aquí as críticas que recibiu esta ideoloxía lingüística, derivadas principalmente da súa febleza teórica, así como as implicacións que tivo. Hoxe contemplamos este concepto como unha coartada ideolóxica empregada polos gobernos populares para ralentizar ou, simplemente, para non favorecer o proceso de revitalización da lingua galega.

Con respecto aos axentes, unha das características máis relevantes do modelo lingüístico institucional foi a presenza de poucos axentes significativos que desenvolvesen prácticas planificadoras (Cidadanía 2001: 134-40). A Xunta de Galicia non só se converteu no xestor máis activo, con investimentos económicos en accións lingüísticas e con actividades realizadas, moitas delas regulares e periódicas, senón que, na práctica, foi o único axente realmente significativo. A través da Dirección Xeral de Política Lingüística (DXPL), a o goberno autonómico asumiu un papel clave, pero solitario, no desenvolvemento da política lingüística a favor do galego.

Foi enormemente cuestionable a ausencia doutros actores significativos no resto das administracións galegas, principalmente na administración local. A pesar da existencia de servizos lingüísticos municipais, estes funcionaron de forma autónoma uns doutros, con escasa coordinación e sen asesoramento efectivo desde a Xunta de Galicia.⁵ Ou no ámbito educativo podemos identificar axentes da planificación lingüística que desempeñaban un papel relevante pero secundario (debido aos recursos humanos e económicos tan escasos manexados): trátase dos Equipos de Normalización Lingüística (ENL) no ensino non universitario, e dos servizos lingüísticos no caso das tres universidades galegas.

Polo tanto, a xestión lingüística por parte da Xunta realizouse desde un só axente principal —a DXPL—, encadrado no departamento de educación do goberno autonómico, polo cal a eficacia e o alcance das súas intervencións víase, no mellor dos casos, seriamente limitado.

Outro aspecto relevante ao considerarmos a axentividade da política lingüística en Galicia, ademais da cuestión dos poucos axentes institucionais significativos que acabamos de mencionar, é a relación entre dous

A situación actual da lingua galega: unha ollada desde a sociolingüística e a política lingüística
Anxo M. Lorenzo Suárez

6

Cómpre sinalar que os dous mecanismos principais empregados para conseguir eses obxectivos de coñecemento, uso e actitudes en galego foron a organización dun sistema de ensino bilingüe de conxunción de linguas (véxase Silva Valdivia 2007; Bouzada, Fernández Paz & Lorenzo 2002; Fernández Paz, Lorenzo & Ramallo 2007), e a creación de medios públicos de comunicación galegófonos (véxase, por exemplo, Lorenzo, Ramallo & Casares 2008).

macroaxentes principais: o goberno galego e o nacionalismo (Cidadanía, 2001). O antagonismo e enfrontamento entre eles, concretado nos conflitos, debates e disensos arredor dos diferentes temas que se suscitaron no debate lingüístico, permite afirmar que o escenario da política lingüística en Galicia, durante este período analizado, se foi construíndo a partir da alteralidade entre ambos contendentes. Tal como se afirma en Cidadanía (2001: 70-71):

Os posicionamentos políticos en materia lingüística en Galicia afirmáronse, en xeral, por alteralidade. (...). Os principais protagonistas (a personificación dos actores) entenderon que canto máis denunciáran os postulados lingüísticos e as accións dos seus contrarios, máis avanzaría a súa fórmula de problematización e polo tanto de solución do tema da lingua. A dinámica do proceso tendeu a unha polarización que se retroalimentaba, dado que en termos de racionalidade política semellaba que o enfrontamento era rendíbel para ambos os contendentes.

Con respecto aos obxectivos da política lingüística institucional, a súa ambigüidade foi unha das características máis salientables. Esa ambigüidade respondía ao interese por manter unha certa indefinición que se convertese na base para un posible consenso amplo na sociedade galega. Un segundo obxectivo, relacionado sen dúbida co anterior, foi o de que a lingua e a súa revitalización non xerasen conflitos de ningún tipo na sociedade galega.

O obxectivo xeral perseguido foi que o proceso de promoción do galego non lle afectase á posición social do castelán. Así, formuláronse actividades lingüísticas centradas en conseguir que os individuos modificasen os seus hábitos lingüísticos individuais para facelos máis favorables á lingua galega, como indicamos nos seguintes parágrafos, pero sen forzar situacións, procesos ou eleccións, mesmo nos casos de ámbitos legalmente regulados (por exemplo, no ámbito do ensino non universitario). Non é preciso insistir en que tales obxectivos de procurar cambios individuais e de non vixiar excesivamente o cumprimento das normativas con repercusións lingüísticas respondían á lóxica coa que se aplicaba a ideoloxía do bilingüismo harmónico.

Respecto dos contidos, a política lingüística institucional centrouse en tres eixes principais de actuación. En primeiro lugar, pretendeuse unha ampliación das habilidades lingüísticas en lingua galega —coñecemento e competencia para falar, ler e escribir—, tanto dos novos usuarios/as coma dos adultos: no primeiro caso a través do sistema escolar de ensino primario e secundario, e no segundo a través das actividades formativas de capacitación para adultos. En segundo lugar, procurouse un aumento dos usos sociais da lingua galega, principalmente daqueles formais e elaborados. E, en terceiro lugar, buscouse propiciar un cambio nas actitudes lingüísticas e nas opinións sobre a lingua e sobre os grupos galegófonos mediante actividades de sensibilización, de información e de prestixiación social.⁶

Atendendo á tripla clasificación de actividades de status, corpus e adquisición, desde a perspectiva de planificación do corpus, a estandarización do galego e a fixación e desenvolvemento funcional foron as actividades principais (Monteagudo 2003; Regueira 2006; Lorenzo 2003). Tocante á planificación do status, podemos sinalar tres tipos de actuacións: en primeiro lugar, aquelas dirixidas a conseguir a extensión dos usos sociais, mediante a ampliación da presenza da lingua nas actividades públicas

A situación actual da lingua galega: unha ollada desde a sociolingüística e a política lingüística

Anxo M. Lorenzo Suárez

7

Convén indicar que esa cantidade identifica o orzamento anual do que dispuña a Dirección Xeral de Política Lingüística, que como sinalamos anteriormente foi o actor central da xestión lingüística autonómica. Con todo, a organización de accións lingüísticas por parte doutros organismos do goberno autonómico e da administración local, así como doutras entidades públicas autónomas, faría aumentar esa cantidade destinada cada ano á promoción da lingua galega, aspecto que aínda está sen estudar na súa globalidade.

oficiais, nas actividades escritas, nos comportamentos oficiais públicos (orais e escritos), e no funcionamento interno das administracións públicas e dos organismos dependentes; en segundo lugar, actuacións tendentes á modificación das avaliacións negativas sobre a lingua, mediante as actividades de sensibilización social, de identificación coa lingua, e de utilidade do galego; e en terceiro lugar, a promoción da lingua cara ao exterior: nas comunidades de España e do estranxeiro con presenza de emigración galega, ensino do galego en universidades de diferentes estados, etc.

E tocante á planificación da adquisición, os obxectivos primordiais foron, por unha banda, a inserción do galego nas transmisións escolares e educativas non universitarias, e, doutra banda, a difusión social da variedade estándar do galego, que unha vez oficializada en 1982, precisaba ser difundida entre a poboación adulta.

Para incidir na modificación de tales tipos de comportamentos sociolingüísticos, leváronse a cabo distintas actuacións, en forma de campañas destinadas á sociedade galega en xeral ou a certos sectores concretos, que tiveron resultados interesantes porque incidiron no compoñente simbólico da lingua e da súa recuperación, pero que resultaron insuficientes para alterar significativamente as prácticas lingüísticas a medio-curto prazo. Así, mentres que este tipo de accións lingüísticas foron relativamente efectivas para o cambio de certas actitudes negativas tradicionalmente asociadas coa utilización do galego, non parece que tivesen efectos claros sobre os usos sociais da lingua, sobre todo a nivel de usos orais informais.

Outro aspecto a ter en conta é o dos medios despregados pola política lingüística institucional (a planificación lingüística propiamente dita, xa que logo), é dicir, o *como*: por unha banda, os medios humanos e económicos utilizados, e por outro os mecanismos que se deseñaron para a posta en práctica daquela política lingüística.

Con respecto aos medios humanos, constatamos anteriormente a escaseza de actores e de axentes implicados na realización efectiva de planificación lingüística en Galicia. Consonte con iso, o papel dos profesionais e especialistas (lingüistas e sociolingüistas, planificadores, etc.) foi case inexistente e a posta en marcha de servizos lingüísticos (locais, comarcais, na xustiza, etc.) non tivo nin a extensión nin o nivel de organización requirida.

E con respecto aos medios económicos, a partir de 1993 o orzamento anual da Xunta de Galicia para a potenciación do galego estabilizouse arredor dos 17 millóns de euros.⁷ Aínda que as cantidades anuais foron importantes, sería preciso analizar con máis detalle os conceptos en que se gastou, así como a eficiencia e eficacia de certas liñas de axudas e subvencións, postos en dúbida constantemente desde distintos traballos de avaliación (véxase Cidadanía 2001: 98-116; e Monteagudo 1998, por exemplo).

As prácticas planificadoras desenvolvéronse sen a posta en marcha de plans globais plurianuais, programas sectoriais organizados e coordinados de planificación lingüística, etc. Desas carencias derivouse unha falta de organización, de seguimento e de avaliación das actividades lingüísticas postas en marcha, polo que se descoñecían os obxectivos específicos planificadores e os horizontes da política lingüística (fóra de casos moi concretos). Outras características salientables foron a falta de periodización e de regularidade das actividades desenvolvidas, a falta de actuacións plurianuais e de planificación a prazo medio e longo, etc. Por exemplo, desde a aprobación da LNL-83 ningún outro documento de fondo foi elaborado

A situación actual da lingua galega: unha ollada desde a sociolingüística e a política lingüística

Anxo M. Lorenzo Suárez

8

Pero o goberno do PP só dispuxo duns poucos meses para poñelo en marcha, xa que en xuño de 2005 perdía a maioría absoluta nas eleccións autonómicas e dáballe paso a un goberno de coalición PSdG-BNG.

e consensuado no Parlamento de Galicia por parte dos diferentes grupos políticos ata o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega de 2004 (cfr. Xunta de Galicia, 2005b), como veremos a continuación.

Unha das maiores limitacións da política lingüística favorable ao galego foi, precisamente, a de carecer de plans e programas para procurar o desenvolvemento dunha verdadeira planificación lingüística. A aprobación, en cambio, de plans de normalización lingüística municipais (nos concellos de Santiago de Compostela e de Ferrol) ou sectoriais (o das tres universidades galegas) camiñaron nesa dirección. Con todo, faltaron programas xerais que abranguesen unha dimensión global da sociedade galega. En setembro de 2004, o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (de aquí en diante, PXNLG), con máis de 400 medidas para darlle un novo pulo á lingua tendo en conta os retos e os escenarios aos que se enfrenta a lingua neste comezo de século.⁸

A posta en práctica do PXNLG (Xunta de Galicia 2005a), así como as súas implicacións e carencias, aínda non foron tratadas coa profundidade requirida. Coa simple lectura do documento aprobado constatamos que constitúe unha valiosa ‘folla de ruta’, que permitirá camiñar nunha dirección adecuada sexa cal sexa o goberno, e que tamén debería favorecer a edificación de consensos sociais e políticos arredor del. Agora ben, falta que o PXNLG sexa ‘planificado’ e artellado cunha priorización de obxectivos e medidas, cunha temporización, e con orzamentos e recursos axeitados, algo que non está presente no documento aprobado. É dicir, o PXNLG require unha ‘cociña’ política e técnica para poder ser aplicado na súa extensión.

O ‘modelo galego’ de política e planificación lingüística

O modelo de política lingüística desenvolvido pola Xunta de Galicia desde 1983 ata 2005 podemos cualificalo como ‘de baixa intensidade’ (Lorenzo 2005), artellado arredor de dúas características principais: pouca densidade planificadora e escasa intervención sociolingüística.

Con respecto ao primeiro trazo –pouca densidade planificadora–, desenvóléronse menos actuacións lingüísticas das necesarias contando para iso coa intervención de poucos axentes planificadores cunha escasa profesionalización deles. Ademais, non se utilizaron as ferramentas da planificación lingüística para propiciar cambios sociolingüísticos significativos. Por exemplo, non se utilizou a ferramenta dos plans lingüísticos. E con respecto ao segundo trazo –intervención sociolingüística escasa–, desenvolveuse unha política lingüística carente de incidencia social profunda que conduciase a cambios significativos nas condutas lingüísticas da sociedade galega, por exemplo: falta de actividades centradas directamente no aumento dos usos sociais da lingua, sobre todo dos usos informais e interpersonais, ausencia de actividades que perseguisen a recuperación dos mecanismos de transmisión primaria en galego, realización de poucas actividades dirixidas a introducir o galego en ámbitos de transcendencia social (medios de comunicación privados, sectores empresariais e económicos, tecnoloxías da información e da comunicación, universidade, etc.).

Foi este un modelo de xestión lingüística institucional que se distanciou tanto dos modelos máis intervencionistas coma daqueles outros que optaban pola non intervención, de maneira que se tratou dun exemplo de política lingüística de intervención intermedia, que podemos cualificar

A situación actual da lingua galega: unha ollada desde a sociolingüística e a política lingüística

Anxo M. Lorenzo Suárez

9

Na información cuantitativa que imos presentar a continuación, utilizaremos datos de dúas enquisas realizadas nun intervalo de 11 anos: o Mapa Sociolingüístico de Galicia, con datos de 1992 (MSG-1992), e o módulo de lingua da Enquisa de Condicións de Vida das Familias Galegas, con datos de 2003 (ECVFG-2003). Un traballo comparativo dos resultados destas dúas enquisas pode consultarse en Montegudo & Lorenzo (2005).

como 'de baixa intensidade'. Semella un modelo interesante para os casos de mantemento de linguas pero non parece tan apropiado cando se trata de recuperar linguas sometidas a procesos de substitución social.

Análise de impacto: a evolución da situación sociolingüística

Que supuxo para a lingua galega ese modelo de política lingüística despregado en Galicia durante este período temporal? A análise de impacto encárgase de valorar os cambios -e a súa dirección e intensidade- entre un punto de partida e outro de chegada. Esta análise tamén permite coñecer a relevancia, potencia e efectividade dun modelo coas características que sinalamos no apartado anterior. Con todo, debemos recoñecer a enorme dificultade da análise de impacto, xa que en moitas ocasións resulta moi difícil separar aqueles cambios que son consecuencia da acción política governamental daqueles outros que forman parte da evolución e do cambio social ou xeracional.


De facermos un resumo xeneralista, poderíamos indicar que os efectos máis destacados conseguidos coa política lingüística levada a cabo foron de tres tipos. Por unha banda, conseguiu aumentar a visibilidade institucional e social da lingua -en maior medida no primeiro, menor no segundo-, principalmente en contextos de uso oral e sobre todo de uso escrito, e en funcións sociais formalizadas. Por outra banda, despregáronse mecanismos e ferramentas diversas para que calquera cidadán puidese realizar as súas actividades diarias e cotiáns en galego. E, finalmente, tentouse incidir na atenuación dos fortes prexuízos e actitudes lingüísticas negativas que penduraban sobre o galego e sobre os seus usuarios, na dirección de aumentar o prestixio social da lingua.

No caso de buscar unha análise valorativa máis miúda, deberíamos reparar nos seguintes aspectos, que admiten opinións diversas -e mesmo abertamente diverxentes. En primeiro lugar, prodúcese unha certa ampliación dos ámbitos sociais de utilización do galego, así como un aumento das súas funcións sociais. A introdución da lingua na administración, no sistema educativo, no ámbito da política ou nos medios de comunicación públicos son boa proba disto, así como o aumento, por exemplo, dos usos lingüísticos escritos nese e noutros ámbitos de uso. Malia o dito, certos sectores moi comprometidos coa 'normalización' do galego consideran que estes cambios só están promovendo un uso formal e liturxizante do galego, sen que supoñan realmente unha mudanza no rumbo do proceso substitutorio de fondo.

Cando analizamos a evolución da lingua inicial e da lingua habitual⁹, non detectamos cambios significativos favorables ao galego, máis ben ao contrario. No tocante á lingua inicial, aínda que máis do 50% da poboación en 2003 ten o galego como primeira variedade lingüística aprendida, a redución é de case o 10% neste período de once anos. E tamén aumenta paralelamente a porcentaxe de individuos que se declaran bilingües iniciais.

A situación actual da lingua galega: unha ollada desde a sociolingüística e a política lingüística
Anxo M. Lorenzo Suárez

Gráfico 1
Lingua inicial en Galicia (comparación período 1992-2003)




O mantemento de porcentaxes altas de galego-falantes iniciais é un dato cuantitativo que caracteriza a sociedade galega actual, pero ao mesmo tempo constátase unha forte desgaleguización interxeracional nos últimos corenta anos. A diminución das familias que optan por transmitirles o galego aos fillos leva a cuestionar o éxito de calquera proceso de recuperación lingüística, e mesmo este feito fai que en certos traballos o galego pase a ser considerada unha variedade lingüística en perigo de desaparición.

Estes datos permiten visualizar un proceso de redución na reprodución familiar da lingua galega: a transmisión lingüística está interrompida porque os galego falantes non traspasan sempre o galego e os castelán falantes tampouco, o que provoca un devalo na adquisición da lingua galega como primeira variedade aprendida na casa e na familia.

Tocante á lingua habitual, aumenta o monolingüismo en castelán (+ 8%) e en galego (+ 6%), mentres que descende a proporción de bilingües habituais (-13% menos). Tamén constatamos o mantemento de porcentaxes altas de galego-falantes habituais. Con estes datos, confírmase que a lingua galega segue mostrando unha importante vitalidade social.

Gráfico 2
Porcentaxes de lingua habitual en Galicia (1992-2003)



En relación aos usos lingüísticos, o resultado práctico é o aumento considerable dos usos bilingües, a tendencia cara á desaparición do monolingüismo en galego, e o aumento lento de monolingües habituais en castelán. Constatamos, polo tanto, que aínda que avanza os seus usos en ámbitos formais e elaborados, o galego retrocedeu alí onde sempre se

mantivera firme: no mundo rural e mariñeiro e nas grupos sociais rurais, vilegos e urbanos menos acomodados.

En segundo lugar, tal como xa sinalamos anteriormente, a política lingüística institucional pretendeu conseguir da cidadanía unha opinión favorable ao galego, aos seus usos e á súa imaxe social. A existencia de valoracións negativas e de prexuízos respecto da súa viabilidade social era un aspecto central do proceso de abandono da lingua e, xa que logo, cumpría incidir na eliminación de tales connotacións negativas. Os traballos cuantitativos, principalmente os que utilizan datos procedentes do MSG-1992, mostraban que esas actitudes lingüísticas prexuízosas estaban a recuar (cfr. Seminario de Sociolingüística RAG 1996; Recalde 1998). Aínda sen desapareceren totalmente, as actitudes negativas e os prexuízos respecto do galego diminuíran considerablemente neste período temporal. Tal como sinalaba Bouzada (2005: 87-8):

Todos estes datos [precedentes do MSG-92] parecen apuntar cara a un debilitamento, polo menos a certos niveis de consciencia, dos aspectos máis bastos do prexuízo e a estigmatización sociolingüística que dende hai anos veu actuando en contra da lingua galega.


Os datos sobre actitudes, ideoloxías e opinións lingüísticas procedentes dos traballos cualitativos mostran, en cambio, un panorama máis matizado con respecto á avaliación da lingua galega (Iglesias 2002; Seminario da RAG 2003). Hai constancia do mantemento de vellos prexuízos respecto da lingua galega, así como o xurdimento de novos discursos negativos e de novos prexuízos que están a agachar o mantemento dunha consideración social negativa da lingua galega (Iglesias & Ramallo 2003). Por exemplo, en Iglesias (2002) descríbense dous deses novos discursos negativos actualmente en circulación: o do 'descoñecemento da lingua galega' e o da 'imposición do galego'.

E, en terceiro lugar, o aumento da competencia en galego foi outro dos obxectivos centrais do proceso de política lingüística. A introdución da lingua no ensino non universitario e a difusión do modelo de lingua estándar, codificado e normativizado tras a aprobación das normas ortográficas e morfolóxicas en 1982, permitiu ampliar considerablemente o coñecemento da lingua á hora de falala, lela e escribila, principalmente entre os sectores sociais máis mozos.

Como acabamos de sinalar, o mellora das competencias lingüísticas en galego neste período foi especialmente relevante no caso das destrezas lingüísticas aprendidas. Neste período de once anos, desde 1992 a 2003, aumentou un 22% a porcentaxe de individuos que manifesta ter capacidade para escribir en galego, e un 40% a daqueles que din ter capacidade para ler. E tampouco é desprezable o 4% de aumento dos que din ter capacidade para falar en galego.

A situación actual da lingua galega: unha ollada desde a sociolingüística e a política lingüística
Anxo M. Lorenzo Suárez

Gráfico 3
Porcentaxes das persoas que valoran a súa competencia en galego como *boa* ou *moi boa* nas catro destrezas



A secular analfabetización en galego da poboación galegófona deu paso a unha ampla capacitación para ler e escribir, grazas aos efectos do sistema educativo e dos medios de comunicación audiovisuais, nomeadamente a radio e televisión de Galicia. Con datos dispoñibles nos principios do século XXI, case a totalidade da poboación residente en Galicia entende o galego, nove de cada dez é capaz de falalo e sete de cada dez é capaz de ler textos en galego. Este cambio na capacidade para ler e escribir en galego está presente principalmente na poboación menor de 45 anos, que conforman a parte da sociedade galega que viviu os efectos da introdución do galego na escola. E os traballos comparativos entre a competencia en galego e castelán, observada directamente a través de probas lingüísticas, mostran unhas destrezas lingüísticas moi semellantes nas dúas linguas (Fernández Salgado, Loredó & Fernández 2005).

Nunha análise por ámbitos e sectores de uso social das linguas, enxergamos, por unha banda, un incremento na presenza do galego naqueles ámbitos regulados pola lexislación: ensino non universitario, medios de comunicación públicos e administracións (autonómica e local); mentres que a vitalidade da lingua é menor no caso de sectores con menor dependencia das decisións emanadas da Xunta de Galicia: universidades e investigación, por exemplo. E, por outra banda, o galego segue tendo unha visibilidade social deficiente naqueles sectores sociais nos que prevalece a lóxica do mercado, onde hai pouco control gobernamental e onde predominan os prestixios sociolingüísticos que se derivan das lóxicas económicas, mercantís e empresariais. A presenza precaria do galego en sectores de forte transcendencia socioeconómica, como os medios de comunicación privados, os ámbitos económicos e empresariais, a publicidade, as novas tecnoloxías, etc., supoñen un contrapunto fortemente negativo que deita diferentes dúbidas sobre a capacidade de recuperación dunha lingua que segue a contar cunha base demográfica ampla.

Tamén é salientable o caso da administración de xustiza, que constitúe un caso á parte no espazo da administración pública, dado que sendo un ámbito institucionalizado de dependencia pública, os avances galeguizadores foron mínimos. E iso malia os esforzos, iniciativas e proxectos levados a cabo tanto desde a administración coma por parte de entidades cívicas diversas.

A situación actual da lingua galega: unha ollada desde a sociolingüística e a política lingüística

Anxo M. Lorenzo Suárez

10

Cómpre sinalar, en calquera caso, que unha ideoloxía nacionalista favorable ao castelán, e oposta á heteroxeneidade lingüística de España, sempre existiu, e hoxe seguimos asistindo a manifestacións políticas, sociais e mediáticas desa ideoloxía. Como exemplo temos o Manifesto por la lengua común, presentado en xuño de 2008, onde se defende a supremacía do castelán e se pide unha nova lexislación que exprese esa supremacía.

Futuro: dilemas e incertezas

O futuro da lingua galega vai depender preferentemente das decisións sociais, económicas e políticas dos individuos que conformamos a Galicia actual. Pero non debemos esquecer que ese futuro tamén se xoga en España e en Europa.

Respecto do escenario europeo, a Unión Europea é a institución máis políglota do mundo, con vinte e sete linguas oficiais. As denominadas 'linguas rexionais ou minoritarias' constitúen unha parte fundamental da diversidade lingüística europea. A aceptación do uso parcial das outras linguas españolas con algunhas institucións europeas, aprobado en 2005, non supón ningún tipo de recoñecemento legal, nin sequera implícito, pero non podemos pasar por alto a relevancia deste cambio de situación que facilita a comunicación oral e escrita en galego coas institucións comunitarias. Se a iso lle engadimos que o mantemento da diversidade lingüística e cultural segue sendo un obxectivo político da Unión europea, debemos considerar o escenario europeo como unha oportunidade máis para a revitalización da lingua galega.

No escenario español, onde máis do 40% da cidadanía española habita comunidades cunha lingua propia diferente do castelán, o Estado español foi sempre moi reticente ao recoñecemento do plurilingüismo. Non se asumiu, con todas as súas consecuencias, ese pluralismo lingüístico recoñecido como tal na Constitución española de 1978. Ademais, a ausencia dunha 'pedagogía lingüística' nas comunidades autónomas castelanófonas provocou un descoñecemento case total sobre a heteroxeneidade lingüística de España, ao tempo que esa falta de información e de sensibilización alimentou discursos alarmistas ou abertamente contrarios á pluralidade lingüística e cultural.¹⁰

Pero, sen dúbida, é o escenario de Galicia onde o futuro do galego se vai xogar a fondo. Que tendencias sociolingüísticas podemos enxergar a prazo medio e longo? Sen sermos exhaustivos nesta reflexión, non parece que a incerteza sobre a situación social actual da lingua galega vaia minuar nos anos vindeiros. Os indicadores sociolingüísticos básicos seguen mostrando tendencias que levan á preocupación, porque remiten á continuación daquel proceso de substitución social do galego polo castelán. Se a iso lle engadimos que a política lingüística levada a cabo desde 1980 ata hoxe deu resultados pouco alentadores, temos argumentos para sermos, ao mesmo tempo, optimistas e pesimistas.

Motivos para sermos optimistas atopámoslos cando observamos que o galego segue a conservar unha importante fortaleza demográfica como lingua inicial e habitual, aínda que ambas as fortalezas decrecen lentamente. Se a iso lle sumamos que a lingua galega entrou en ámbitos de uso impensables hai poucos anos, que se constata un aumento exponencial na porcentaxe de individuos que teñen capacidade para escribir e ler en galego, sobre todo nas xeracións máis novas, e que as actitudes lingüísticas explícitas respecto do galego presentan unha mellora considerable, o panorama pode conducir a facer unha lectura positiva e optimista. E todo iso contando cun recoñecemento legal que segue respaldando os dereitos dos galego falantes, e unha política lingüística institucional con capacidade para desenvolver esforzos sociais revitalizadores.

Pero tamén atopamos motivos para sermos pesimistas. Atópanse problemas de extensión do galego nos espazos máis urbanizados e entre a mocidade, é dicir: parece resultar difícil converter a competencia en uso

*A situación actual da lingua
galega: unha ollada desde a
sociolingüística e a política
lingüística*

Anxo M. Lorenzo Suárez

efectivo da lingua galega. A forza demográfica dunha lingua -número de falantes, por exemplo- é un factor importante a ter en conta, pero non é garantía de inmunity ante o avance da substitución lingüística. Ao tempo, a lingua perde presenza nos usos informais orais e non gaña espazos significativos nos usos escritos, malia o aumento da capacidade para facelo. Ademais, persisten actitudes negativas e prexuízos respecto do galego, e agroman novos elementos valorativos negativos. O mantemento de ámbitos de uso moi refractarios para o galego –o xudicial, por exemplo– e ámbitos pouco galeguizados –o ámbito socio-económico ou a universidade, por exemplo– indican ben ás claras a fragilidade dun proceso recuperador con serias limitacións.



A situación actual da lingua galega: unha ollada desde a sociolingüística e a política lingüística

Anxo M. Lorenzo Suárez

Referencias

- ÁLVAREZ, Rosario & Dolores VILAVEDRA, eds. 1999. *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero. Volume I* (Santiago de Compostela: Universidade).
- ÁLVAREZ BLANCO, R. & H. MONTEAGUDO, eds., 2005. *Norma lingüística e variación* (Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega/ Consello da Cultura Galega).
- BOIX, Emili & F. Xavier VILA, 1998. *Sociolingüística de la llengua catalana* (Barcelona: Ariel).
- BOUZADA, Xan, 2005. 'Cambio de valores e futuro da lingua galega', *Grial* 165: 80-93.
- BOUZADA, Xan, Agustín FERNÁNDEZ PAZ & Anxo M. LORENZO, 2002. *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume II. Educación* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- BRINGAS, Ana & Belén MARTÍN, eds., 2003. *Nacionalismo e globalización: linguas, culturas e identidades* (Vigo: Servizo de publicacións da Universidade de Vigo).
- CASTILLO, Mónica & Johannes KABATEK, eds., 2006. *Las lenguas de España. Política lingüística, sociología del lenguaje e ideología desde la Transición hasta la actualidad* (Madrid / Frankfurt: Iberoamericana / Vervuert).
- CIDADANÍA, 2001. *O proceso de normalización do idioma galego 1980-2000. Volume I. Política lingüística: análise e perspectivas* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 1999. *Actas dos II Encontros para a Normalización Lingüística (28, 29 e 30 de outubro de 1998)* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- FERNÁNDEZ PAZ, Agustín, Anxo M. LORENZO & Fernando RAMALLO, 2007. *A planificación lingüística nos centros educativos* (Santiago de Compostela: Secretaría Xeral de Política Lingüística).
- FERNÁNDEZ SALGADO, Antonio, Xaquín LOREDO & Isabel SUÁREZ, 2005. 'Análise da expresión escrita en galego e castelán ao final do ensino obrigatorio: resultados dun estudo realizado na comarca de Santiago de Compostela', *Cadernos de Lingua* 27: 109-26.
- FRAILE, Antoine, 1997. 'Normalización e política lingüística en Galicia (1981-93)', *Grial* 136: 549-58.
- FREITAS, Pilar, 2008. *A represión lingüística en Galiza no século XX. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galiza* (Vigo: Xerais).
- FREIXEIRO MATO, Xosé R., 1997, *Lingua galega: normalidade e conflito* (A Coruña: Laiovento).

A situación actual da lingua galega: unha ollada desde a sociolingüística e a política lingüística
Anxo M. Lorenzo Suárez

- GARCÍA NEGRO, M^a Pilar, 1991. *O galego e as leis. Aproximación socio-lingüística* (Vilaboa, Pontevedra: Edicións do Cumio).
- HERMIDA GULÍAS, Carme, 1992. *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no rexurdimento (1840-1891)* (Vigo: Xerais).
- IGLESIAS, Ana, 2002. *Falar galego, no veo por qué. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia* (Vigo: Xerais).
- IGLESIAS, Ana & Fernando RAMALLO, 2003. 'Relocalización, identidades e linguas periféricas: o caso galego', en A. Bringas & B. Martín: 117-32.
- JARDÓN, Manuel, 1993. *Normalización lingüística, una anormalidad democrática: el caso gallego* (Madrid: Siglo XXI).
- LABRAÑA, Sabela, 1999. 'Prexuízos lingüísticos e identificación social', en R. Álvarez & D. Vilavedra: 519-32.
- LORENZO, Anxo M., 1999. 'A xestión normalizadora en Galicia: encaдрamento, características e propostas de funcionamento', en Consello da Cultura Galega: 7-18.
- _____, 2003. 'A estandarización contemporánea da lingua galega: algunhas características sociolingüísticas desde a perspectiva da variación social', en Vázquez Facchini: 161-184.
- _____, 2005. 'Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego', *Cadernos de Lingua* 27: 39-59.
- LORENZO SUÁREZ, Anxo M., Fernando RAMALLO & Håkan CASARES, 2008 (no prelo). *Lingua, sociedade e medios de comunicación en Galicia* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- MARIÑO, Ramón, 1998. *Historia da lingua galega* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- MONTEAGUDO, Henrique, 1997. 'Quince anos de política lingüística en Galicia (1981-96). Notas para un balance', *Grial* 136: 527-48.
- _____, 1998. 'Política lingüística. Entre o despilfarro e a indixencia', *Tempos Novos* 9: 48-53.
- _____, 1999. *Historia social da lingua galega. Idioma, sociedade e cultura a través do tempo* (Vigo: Galaxia).
- _____, 2003, 'A demanda da norma. Avances, problemas e perspectivas no proceso de estandarización do idioma galego', en H. Monteagudo & X. Bouzada: 37-129.
- MONTEAGUDO, Henrique & Xan BOUZADA, coords., 2003. *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)*. Volume III. Elaboración e difusión da lingua (Santiago de Compostela: Consello de Cultura Galega).

A situación actual da lingua galega: unha ollada desde a sociolingüística e a política lingüística
Anxo M. Lorenzo Suárez

MONTEAGUDO, Henrique & Anxo M. LORENZO, dirs., 2005. *A sociedade galega e o idioma: evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).

RECALDE, Montserrat, 1998. 'Lingua galega e identidade', en Ruffino: 575-88.

REGUEIRA, Xosé L., 2006. 'Estándar oral', en R. Álvarez Blanco & H. Monteagudo: 69-95.

_____, 2006. 'Política y lengua en Galicia: la "normalización" de la lengua gallega', en M. Castillo & J. Kabatek: 61-94.

REI-DOVAL, Gabriel, 2007. *A lingua galega na cidade no século XX* (Vigo: Xerais).

RUFFINO, Giovanni, ed., 1998. *Atti del XXI Congresso Internazionale di Linguistica e Filologia Romanza* (Palermo 18-24 settembre 1995) (Tubinga: Max Niemeyer Verlag).

SARILLE, Xosé Manuel, 2007. *A impostura e a desorientación na normalización lingüística* (Santiago de Compostela: Candeia editora).

SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA, 1994. *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* (A Coruña: Real Academia Galega).

_____, 1996. *Actitudes lingüísticas en Galicia* (A Coruña: Real Academia Galega).

_____, 2003. *O galego segundo a mocidade. Unha achega ás actitudes e discursos sociais baseado en técnicas experimentais e cualitativas* (A Coruña: Real Academia Galega).

SILVA VALDIVIA, Bieito, 2007. 'O galego. Balance e perspectivas', *Tempos Novos* 119.

VÁZQUEZ FACCHINI, Ana M^a, coord., 2003. *Galicia dende Salamanca 4. Xornadas de lingüística galego-portuguesa* (Salamanca: Dirección Xeral de Política Lingüística e Área de Galego e Portugués da Universidade de Salamanca).

XUNTA DE GALICIA, 2005a. 'Notas para un diagnóstico da saúde da lingua galega', en Xunta de Galicia: 3-22; 29-36.

_____, 2005b. *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).